


A BUBELA

Boletín informativo de 5º. de Primaria do CEIP de Sestelo-Baión
Nº. 1 - Data: 4 de marzo do 2011



O Entroido é tempo de festa

CAROLINA MUÑIZ/

O Entroido é unha festa popular que se celebra na fin do inverno e comezo da primavera.

No Entroido fanse doces como as filloas ou as orellas, que son os doces máis típicos.

No Entroido a xente disfrazase de moitas cousas diversas.

O Entroido máis famoso do país, sen dúbida, é o ourensán. Laza, Verín e Xinzo de Limia convértese por uns días nas capitais de Galicia.

Os peliqueiros de Laza tíanlles formigas á xente, e os cigarróns de Verín pegan co seu látego.

As persoas que se disfrazan de calquera cousa fan festas, como nos colexios. Os nenos van disfrazados á escola e fan unha festa con doces, desfiles, obras e moitas cousas máis. Cando a xente se disfrazada nestas datas

poden ir por moitos sitios pero normalmente sempre van en grupos.

A festa como era antes

AARÓN IGLESIAS/

Antes, o Entroido para min era máis divertido.

Antes, por exemplo, a familia da miña nai, para o Entroido, buscaba uns trapos vellos na casa e cortábanos á maneira que querían facer o disfraz. Despois de facer o disfraz ían polas casas amosándolles os disfraces á xente e nalgúns casas dábanlles algo de comida, cartos, etc.

Pero hoxe en día, en vez de facerse os traxes a man, vas a unha tenda e xa está. O que quero dicir con isto é que antes poñíase máis interese para facerse o disfraz.



Cinco libros recomendados

JESÚS BAÑOS/

As bruxas, de Roald Dahl.
Interesante.

O soño do merlo branco, de Agustín Fernández Paz.
Gracioso.

Charlie e a fábrica de chocolate, de Roald Dahl.
Interesante.

A bordo de la gaviota, de Fernando Alonso.
Intrigante.

Las cosas de Berta, de Roger Collinson.
Gracioso.

CARTA DO MESTRE

Temos todos moitas ilusións postas neste proxecto que hoxe bota a camiñar. Confiamos na criatura e imos ver como vai dar os seus primeiros pasos.

Elaborar un xornal de aula é unha das actividades educativas máis enriquecedoras que existen. Por unha parte aprendemos a traballar en grupo, a colaborar cos demais, tomar decisións e asumir responsabilidades na entrega dos textos no prazo indicado. Ademais favorecemos a expresión escrita,

a capacidade de sintetizar e resumir, o uso apropiado do vocabulario e das estruturas sintácticas axeitadas.

Por último, pero non menos importante, desenvolvemos a creatividade xogando co deseño gráfico e a imaxinación.

Animo a todos os redactores a que o traten de facer cada vez mellor. Unha benvida á nosa bubela!

DAVID PAZ



O 2011, ano dos bosques

ADRIANA BISTILLEIRO/

O 20 de decembro do 2006 a Asamblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a resolución pola que se declaraba o ano 2011 como Ano Internacional dos Bosques.

A miña opinión é que un entorno cheo de piñeiros e de cores verdes e castañas é moito máis agradable e saudable que un entorno gris cheo de calzadas. E ademais é bo que haxa moitos bosques porque se non habería moitísima contaminación, e iso é o que pasará se seguen modificando tantas fragas e facendo tantas calzadas.

O rinoceronte, en perigo de extinción

KEVIN NÚÑEZ/

En el día de hoy sólo hay cinco especies de rinocerontes pero antes había más. Viven tres en Asia y dos en África. Algunos de estos rinocerontes están al borde de extinguirse porque los cazadores los cazan para quedarse con sus cuernos hechos de queratina.

Por eso quedan cada vez menos rinocerontes, por culpa del animal más agresivo del mundo, es decir, el ser humano. Matamos a todos, no todos somos así, pero hay gente muy cruel.

Los rinocerontes son muy grandes. Tienen el cuerno en el hocico. Con su gruesa piel el rinoceronte puede resistir los golpes. Tiene ojos pequeños, corren a



mucha velocidad, también tiene un olfato excelente y se alimenta de hojas y hierba. Bebe gran cantidad de agua.

Bayón: «Facer exercicio é san e beneficioso»

FELIPE RIVAS/

O querido profesor José Antonio Bayón remata este ano o seu traballo de mestre. Contestou ás nosas preguntas.

AB: Cantos anos levas no colexio?

JAB: Levo 23 anos no colexio.

AB: Gustaríache estar máis anos no colexio?

JAB: Si, porque me gusta este colexio.

AB: Gustouche estar todos estes anos no colexio?

JAB: Si, porque todos os profesores e nenos tratáronme ben.

AB: Que cousas che gustaron deste colexio?

JAB: O nome do lugar, onde está e os nenos.

AB: Por que estudaches a profesión de profesor de ximnasia?

JAB: Porque me gustan os deportes e porque penso que facer exercicio é san e beneficioso para a nosa saúde.

Contra el tabaco

VANESA ANDRADE/

Desde el día 2 de enero de este año está prohibido fumar en bares, parques públicos, restaurantes y entradas de colegios.

Yo opino que fumar es muy malo para la salud porque puede producir cáncer. Si se deja de fumar ya no se gasta tanto dinero en cajetillas de tabaco. Los fumadores son más de 4 millones de personas, y al producir cáncer es un gasto enorme para la sanidad pública.

A mí me parece mal que las embarazadas fumen. Eso es malo para el niño y para ellas. Hay adolescentes que cuando los veo fumando me da pena porque le produce cáncer y pueden morir.

A BUBELA

Boletín informativo de 5º. de Primaria do CEIP de Sestelo-Baión

Coordenador: David Paz Nóvoa

Redactores: Vanesa Andrade Martínez, Jesús Baños Ferreira, Adriana Bistilleiro Buezas, Aarón Iglesias Padín, Mª. Carolina Muñiz Acosta, Kevin David Núñez Muñoz e Felipe Rivas Pérez.

